

O ACOSO ESCOLAR NON É UNHA BROMA

Identificar o problema, distinguir unha brincadeira dunha agresión que produce dano, é o primeiro paso para solucionalo

Un neno ou nena sofre acoso escolar ou bullying cando recibe de maneira repetida e ao longo do tempo agresións físicas, verbais ou psicolóxicas, como empurróns, insultos, marxinação social ou manipulación psicolóxica. Ás veces o acoso é directo, como cando un alumno/a lle fai unha cambadela a un compañeiro/a, e outras indirecto, como cando se espalla un rumor sobre alguén. Este tipo de acoso dáse entre persoas iguais: tanto vítimas como agresores/as que son nenos e nenas en idade escolar. Aínda que non o pareza, as bromas, as burlas ou o uso de alcumes ofensivos poden ser considerados acoso, se son reiterativos. Non recoñecer unha conduta como agresiva é un dos obstáculos que impiden solucionar este problema. O acoso agrávase cando se usan as redes sociais para difamar (ciberacoso).

AS VITIMAS

Xeralmente, as vítimas interpretan que as acosan por molestalas, polo aspecto físico ou por que lle teñen manía. A maioría dos/das agresores/as, polo contrario, non saben por que o fan ou din que é unha broma.

Que non é broma ningunha para quen sofre estas agresións dínolo esta confesión dunha vítima que recolle Save the Children. "O bullying que me facían consistía en perseguirme até a casa, pegarme, quitarme as cousas, mandarme cartas insultándome... Roubáronme os apuntes, os libros, racháronme tres mochilas, chegaba con hematomas á casa... (pero) creo que me feriu máis o cyberbullying, (...) ambos me devastaron..."

As vítimas de acoso séntense deprimidas, illadas, coa autoestima baixa, diminúe o seu rendemento escolar... Máis tamén que acosa actúa en moitos casos agresivamente por ter el / ela mesmo problemas: familiares, de adaptación social, por se sentir humillado/a, por baixa autoestima, etc.

O acoso dáse sobre todo entre nenas e nenos de ESO, especialmente do primeiro ciclo, e realízase nas instalacións escolares, na súa contorna, nos espazos onde se desenvolven as actividades extraescolares, na rúa ou no ciberespacio, en momentos nos que non haxa adultos presentes. O acoso escolar é un fenómeno que se produce de maneira similar en todo o mundo e que seguramente o houbo sempre, menos, loxicamente, o ciberacoso, que é novo e agranda o problema (o 90% dos nenos/as de entre 10 e 15 anos teñen móbil).

OS/AS COMPAÑEIROS/AS A MELLOR AXUDA

A maneira máis eficaz de afrontar este problema é a colaboración entre alumnos/as, profesorado, familias, especialistas e institucións. A experiencia do IES David Buján dos Campóns (Cambre), que usa este método, é satisfactoria. Segundo Pilar Tobar profesora do instituto e membro do Grupo de Convivencia e mediación, os casos de acoso escolar -que son alí moi escasos- resólvenos precisamente a través deste grupo de convivencia e mediación, que se reúne semanalmente e no que participan alumnos/as profesorado e, puntualmente, familias. O grupo divídese á súa vez en dous grupos: un de integración e outro de mediación.

As alumnas e alumnos do grupo de /as a se integrar nun lugar que non coñecen, sempre sen a presenza de adultos. As alumnas e alumnos do grupo de mediación interveñen nos conflitos en reciben os compañeiros/ que chegan ao instituto por primeira vez e reúnen con eles ao longo do curso para axudalos/ as a se integrar nun lugar que non coñecen, sempre sen a presenza de adultos. As alumnas e alumnado do grupo de mediación interveñen nos conflitos entre compañeiros/as, antes de que se agraven; contactan cos agresores/as e as vítimas, sempre que estas o acepten, e tratan de chegar a un acordo que, se o pactan, poñen por escrito e asinan as partes implicadas; o acordo será supervisado despois polo profesorado. As alumnas e os alumnos do Grupo de Convivencia e Mediación asisten ademais voluntariamente a cursos para formarse neste cometido.

xornal o papagaio / actualidade
febreiro de de 2017